

TOPONIMIA GALEGA : ÍNDICE



A) NOCIÓN BÁSICAS DE TOPONIMIA.....páx. 1-4

1.- Diversidade toponímica

2.- Clasificación dos topónimos

2.1. Temática

2.2. Orixe

3.- Bibliografía

B) ENLACES DE INTERESE.....páx. 5

C) NUBE DE TOPÓNIMOS GALEGOS.....páx. 5

D) CURIOSIDADES: TOPÓNIMOS DETURPADOS POR FALSOS CORTES OU CASTELANIZACIÓN: O GROVE / A GOLADA / A GRELA/ ACEA DE AMA.....páx. 6

A) NOCIÓN BÁSICA DE TOPONIMIA

Toponimia é a división da Onomástica que estuda os topónimos ou nomes propios de lugares, a súa orixe e evolución. Ten fortes ligazóns coa historia, a arqueoloxía e a xeografía.

Índice

- [1 Diversidade toponímica](#)
- [2 Clasificación dos topónimos](#)
 - [2.1 Temática](#)
 - [2.2 Orixe](#)
- [3 Bibliografía](#)

1.-Diversidade toponímica

Os topónimos, aínda que procedentes dun mesmo étimo, poden ser, nunha mesma lingua, totalmente diferentes. Isto débese a:

- Flexión xenérica e numérica: *Casal, Casás, Casais*.
- Aparición de todo tipo de sufixación referencial: *Carballosa, Carballal, Carballeda, Carballido, O Carballiño...*
- Formación de numerosos compostos, especialmente coa adxunción dun adxectivo como segundo elemento (-agudo, -baixo, -outo, -maior,...: *Monteagudo, Picouto, Vilarmajor*) ou coa presenza dun sintagma nominal subst. + de + subst. (*Vilar de Frades, Montaña da Agra*) ou subst. + de + adv. (*Carballal de Arriba*).
- Evolucións dialectais: *FONTANELLA > *Fontela / Fontenla*, *PLANU > *chaol/chan (Chaodorrío)*

Porén, as leis de evolución fonética (por exemplo, as leis de Grimm) dos topónimos son iguais cós da lingua común, pois os falantes non teñen consciencia de que haxa que pronunciar os topónimos dun xeito distinto ás palabras comúns. Mais ás veces as leis evolutivas ficaran nun determinado estadio, dando lugar a verdadeiros fósiles lingüísticos; así un topónimo como *Mazaeda* revelaría un estadio intermedio, desde un tardolatino *MATTIANETA fronte *Maceda*, máis evolucionado.

2.- Clasificación dos topónimos

A conversión dos topónimos en nomes comúns, ou viceversa, constitúe tamén un procedemento de acrecentamento lexical:

- VICUS TŪSCUS, barrio etrusco de Roma, dá lugar a TŪSCUS, xente libertina quen vivía en dito lugar > tosco.

- gal. caolín, fr. Kaolin proceden do topónimo chinés Kao Ling.
- Ribeiro (viño) procede do topónimo da comarca en que se produce.

Os topónimos sempre se orixinan do léxico da fala, aínda que en momentos posteriores poidan perder a súa transparencia semántica e xa non ser evidente o seu significado.

2.1.-Temática

Os topónimos poden clasificarse tematicamente:

- **Constitución e forma do terreo:** Areas, Barreiro, Polvoreiro. Entre eles destacan:
 - **Hidrotopónimos** ou topónimos referentes ás augas: Abanqueiro, Areas, Cachoeira, Esteiro (de AESTUARIUM) Fontiñas, Fumiñá, Pozo, Ribadiso, Roxos.
 - **Orónimos**, referidos á orografía e topografía: Catasós (< CAPTA SOLES), Catabois, Cotón, Penido, Serrón, Moncalvo (< MONS CALVUS), Valga, Valilongo, Vista Alegre.
- **Fitotopónimos** ou nomes de lugar referidos ao mundo vexetal, natural ou cultivado: Cerdedo, Fraga, Castañeda, Soutelo, Teixido, Xardoal, Xestelas.
- **Zootopónimos**, topónimos relacionados coa fauna, salvaxe ou doméstica: Abelleira, Aguiar, Cebreiro, Golpellás, Lobeira, Sardiñeira, Vacariza.
- **Antropotopónimos:** nomes de lugar referidos a nomes persoais ou familiares (antropónimos): Chamín (do latín FLAMINIUS), Allariz (do xermánico latinizado ALIARICUS), Cazurraque (de CASA ORRACHI, do medieval Urraca, nome de muller de discutida orixe), Ceide (do árabe SAYID), Os Gómez (dun apelido de orixe xermánica), Morquintián (dunha Mor Quintián, que correspondería a un latino *Maiore *Quintilane, con nome de orixe latina e apelido xermánico), Paíosaco (dun Paio Saco), As Pontes de García Rodríguez, Negueira de Muñiz.
- **Haxiotopónimos** ou nomes de lugar referidos a algún santo ou advocación sagrada: O Corpiño, Santalla, Santa Cubicia, Santo Estevo, Sanxés e Sanxenxo (de SAN(CTU) GENESIU).
- **Etnotopónimos**, derivados de xentilicios ou etnónimos: Astureses (de ASTURENSES, de Asturias), Cambeses, Cumbras (< CONIMBRICANOS, de Coimbra), Foramontaos, Francos, Lemos (de LEMAVOS), Toldaos (se < de *TOLETANOS, de Toledo), Trives (de TIBURES).
- **Hodónimos** ou nomes de lugar referidos a vías de comunicación: Carral, Catrocamiños, A Estrada, Estación, A Pontenova, Rodeiro, O Vao, Vieiro.
- **Xenéricos** de núcleos de poboación: Aldea, O Burgo, Casal, Castro Caldelas, O Lugar, Vila, Vilar.

- **Límites** e referencias espaciais, ás veces resumidas nun adverbio: Alén (de AD ILLINC), (A) Lence (de ILLINCE), Limideiro (de *LIMITARIUM < LIMITE), Pedrafita (de PETRA FICTA), Suso (de SURSUM "cara arriba") ou Susao (de *SURSANUM).
- **Construcións:**
 - Edificios e construcións: Antas, Arcos, Cabanas, Casanova, Castelo, Pacios, Orró, Valadás, Venda Nova, Torre, Tuñas (de TUDICULAS; o esperábel sería *Tullas).
 - Edificacións relixiosas: O Convento, Cruceiro, Eirexa, Ermidón, Mosteirón, Sinoga (< SYNAGOGA).
 - Explotacións agropecuarias: Abertal, Agrasar, Curros, Eirelas, A Graña, Granxiña, Rozadal.
 - Explotacións industriais e comerciais: Concheiros, Escourido, A Fábrica, Ferreirúa, Muíños, Porto do Son, Tenda, O Vinteún (referencia á data do mes no que se celebraba a feira, cfr. Feira do Doce máis revelador), Viveiro.
- **Condicións meteorolóxicas:** Bufarda (na acepción de "lugar ventoso"), Corisco, Escuriscada, Invernal, Ventoseira.
- **Institucións** (políticas, económicas, sociais ou outras): Alfándega, Bailía, O Condado, Couto, Encomenda, Estanco, O Foro, Temple.
- **Pobreza e riqueza:** Famelga / Falmega (de (VILLA) FAMELLICA), Laceiras (laceira "pobreza", creado do antropónimo Lazarus, de orixe semita), Podentes (de POTENTES "que poden"), Vilarrica.
- **Topónimos derivados doutros**, por razóns diversas (moitas veces como etnotopónimos): Callao, Laciana, Mondego, Rozabales, Santiago, Sarreaus.
- **Anecdóticos** ou creacións expresivas diversas ou que lembran unha circunstancia especial actualmente non fácil de explicar (aínda que cómpre confirmar estas explicacións para non caer na etimoloxía popular): Mexadeiro, Mollafariña, Boimorto, Salsipodes, Cuspedriños (procede da forma latina CURROS PETRINEOS, "curros de pedra").

Cómpre ter conta de que con frecuencia os topónimos poden solaparse en dúas ou máis variantes temáticas.

2.2.-Orixe


A orixe dos topónimos galegos, por orde cronolóxica, é:

- **Topónimos prelatinos:** Arzúa, Barallobre, Sillobre, Betanzos, Cangas, Noia, Sarria, Trives, Barbanza, A Arnoia, Deva, Eo, Tambre, Bar.
- **Orixe latina.** Son os maioritarios: Compostela (de COMPOSITA + ELLA, non de *CAMPUS STELLAE), Padrón (de PETRONEM, formado sobre un

augmentativo de PETRA), Vigo (de VICUM), Eiras (de AREAS, "áreas"), Reboira (de *ROBOREA), Taboada e Taboadela (de TABULATA), Viveiro (de VIVARIUM),... A través do latín entraron no galego topónimos de orixe grega ou xudea, na maior parte por influxo do Cristianismo, como Grixoa (de ECCLESIOLA, diminutivo de ECCLESÍA), Mosteiro (de MONASTERIUM), Vilasol (dunha VILLA SAULI, do nome hebreo latinizado SAULUS).

- **Orixe xermánica** , especialmente sueva. Son numerosos como derivados de antropónimos (Hermisende, Vaamonde, Baldomar, Baltar, Goiáns, Gondomar,... e moitos dos rematados en -oi: Filloj, Raxoi, Trastoj, Mondoí, Gadoj, Cendoj; -ei: Forcarei; -il: Samil; e -iz ou -ís en zonas de seseo: Espariz, Mondariz, Sabarís), sobre todo tendo en conta que moitas veces se xuntan en composición con elementos latinos. Como derivados do léxico xermánico común, son menos frecuentes: Boiro (do tema *BÛR "edificación"), Loiba, Lobios (xermánico *LAUBJO, "alpendre"), Sás ou Zas (gótico SALA "pazo").
- **Orixe árabe**. Salvo aldea, son pouco frecuentes: Alfoz (arrabalde), Almuiña (horta, herdade), Barrio, Rábade (fronteira), Acea ou Aceña (muiño de auga), posiblemente A Mezquita, ...
- **Orixe franca**: co nome de francos englóbanse historicamente os inmigrantes europeos que foran chegando ata os reinos peninsulares ao longo da Idade Media. Na súa maior parte eran franceses (de aí o xentilicio), pero tamén os había xermanos, italianos, languedocianos, etc. A influencia maioritaria foi francesa ou provenzal (como se observa na influencia exercida sobre a lingua galaico-portuguesa), debida en parte ó Camíño de Santiago. Podemos observar pegadas tamén na toponimia: Granxa (do francés GRANGE), Temple (forma francesa fronte a autóctone Templo).
- **Orixe castelá**. A consecuencia da influencia do español, como lingua oficial: Calle, Venta da Castellana, As Ermitas, Carrete(i)ra, Manzaneda, O Portazgo.

3.-Bibliografía



- Abelardo Moralejo Lasso, *Toponimia Gallega y Leonesa*.1977 - ISBN 84 85170 20 2
- Isidoro Millán González-Pardo, *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz*. 1987 - ISBN 84 86040 27 2
- Joseph-Maria Piel, *Estudos de Linguística Histórica Galego-Portuguesa*. 1989
- Edelmiro Bascuas, *Estudios de Hidronimia Paleoeuropea Gallega*. 2002
- Fernando Cabeza Quiles: *Toponimia de Galicia*.2008

LIBRO EN FORMATO PDF: Moralejo Lasso, A: *Toponimia de las vías romanas de Galicia*. Enlace:

<http://ifc.dpz.es/recursos/publicaciones/29/54/16moralejo.pdf>

B) ENLACES DE INTERESE

1) Aquén (<http://sli.uvigo.es/toponimia>) é unha ferramenta de divulgación e consulta desenvolvida no Seminario de Lingüística Informática que permite coñecer, **localizar xeograficamente e visualizar cuantitativamente os topónimos oficiais** dos 315 concellos, 3.794 parroquias e 37.297 lugares de Galicia, tal como están establecidos na lexislación vixente de acordo cos ditames da Comisión de Toponimia.

2) Toponimia oficial.- Nomenclátor de Galicia

<http://www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator>

Este servizo recolle a toponimia das provincias, parroquias, concellos e lugares de Galicia, de acordo cos ditames da Comisión de Toponimia e coas normas ditas pola Xunta de Galicia.

3) Enlace que recolle a explicación dos topónimos de orixe latina marcada marcados polos coordinadores das PAAU. Inclúese un mapa elaborado polos alumnos de 2º de bacharelato de latín do IES MGB da Estrada, onde se sitúan geográficamente estes topónimos.

<http://maps.google.es/maps/ms?ie=UTF8&source=embed&oe=UTF8&msa=0&msid=106583844425018253775.00047725ae1dea46233ef>

4) Enlace con diversos artigos sobre topónimos galegos e doutras comunidades.

<http://cordal.eu/>

C) NUBE DE TOPÓNIMOS GALEGOS

As *Nubes de datos* usan **o tamaño do texto** para mostrar a **frecuencia** de cada elemento listado. Son útiles para visualizar relacións entre frecuencias de datos sen ter que perderse entre valores numéricos.

O **enlace** é o seguinte:

<http://ber.to/2007/nube-de-toponimos-galegos/>

D) CURIOSIDADES : TOPÓNIMOS DETURPADOS POR FALSOS CORTES OU CASTELANIZACIÓN. O Grove / A Golada/ A Grela / Acea de Ama

O topónimo O Grove está ben documentado xa desde antigo: "et ecclesiam Sancti Uincentii in insula **Ocobre** cum dextris suis." A súa forma orixinal é Ogrobe (todo xunto), tendo sufrido en épocas máis recentes- froito dun proceso de castelanización de topónimos totalmente alleo á evolución natural etimolóxica - unha segmentación da vocal inicial "O" ,ao confundirse esta letra co artigo singular masculino en galego e ser traducida por "El".

Estes falsos cortes producíronse tamén noutros topónimos galegos mal castelanizados, como Agolada > A Golada > La Golada > Golada.

Outro exemplo similar témolo en **A Grela**, que procede etimoloxicamente do latín **agrela** (*diminutivo de agra*)= *finca pequena*.

En relación a unha falsa castelanización, entre outros, chama a atención o topónimo **Acea de Ama** (etimolóxicamente "muíño de Ama"), no Burgo, nos arredores de A Coruña, que aínda segue figurando en moitísimos locais e carteis da localidade por **Haciadama**, froito dunha tradución ao castelán que nada tiña que ver co seu étimo.